



ANEXO I: DOCUMENTO DE ESPECIFICACIÓNS

CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A ELABORACIÓN DUN DITAME DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO POR PARTE DAS EMPRESAS ADXUDICATARIAS, DOS CONTRATOS E DOS PREGOS REITORES DOS EXPEDIENTES: EXP CON001GSP10-ABO E EXP CON002GSP10-ABO RELATIVOS Á CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS QUE ABARCA OS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DESTE CONSORCIO PROVINCIAL (BARREIROS, VILALBA, VIVEIRO, E CHANTADA, SARRIA E MONFORTE DE LEMOS)

Índice

1. ENTIDADE CONTRATANTE.....	2
2. OBXECTO E ALCANCE	2
3. DESCRICIÓN DOS SERVIZOS A REALIZAR.....	2
4. ORZAMENTO DE LICITACIÓN.....	3
5. PRAZO DE EXECUCIÓN.....	3
6. SELECCIÓN DO CONTRATISTA.....	3



1. ENTIDADE CONTRATANTE

- Organismo: Consorcio Provincial De Lugo Para a prestación Do Servizo Contra Incendios e Salvamento
- Domicilio: San Marcos, 8
- Localidade e Código Postal: Lugo 27001
- Teléfono: 982 260 202
- E-mail: consorcio.incendios@deputacionlugo.org

2. OBXECTO E ALCANCE

O presente contrato terá por obxecto a contratación dos servizos para a elaboración dun ditame de verificación do cumprimento por parte das empresas adxudicatarias, dos pregos reitores e das ofertas presentadas polas citadas empresas en relación aos seguintes expedientes:

- a) EXP CON001GSP10-ABO. Contratación da xestión indirecta mediante concesión administrativa do servizo de intervención en emerxencias que abarca os parques de bombeiros de Barreiros, Vilalba e Viveiro
- b) EXP CON002GSP10-ABO. Contratación da xestión indirecta mediante concesión administrativa do servizo de intervención en emerxencias que abarca os parques de bombeiros de Chantada, Sarria e Monforte de Lemos.

Os pregos reitores das contratacións de referencia poden consultarse no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, na seguinte dirección: www.salvamentolugo.org.

O presente documento ten por finalidade determinar as condicións nas que se prestarán os servizos obxecto da presente contratación, segundo se detalla a continuación:

3. DESCRICIÓN DOS SERVIZOS A REALIZAR

As prestacións obxecto do contrato que se pretende realizar resúmense nas seguintes actuacións:

1. Análise dos pregos reitores das contratacións de referencia
2. Análise das ofertas presentadas polas empresas adxudicatarias
3. Análise das alegacións presentadas pola representación sindicais dos traballadores que prestan servizos nos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio Provincial
4. Análise das respostas facilitadas polas empresas adxudicatarias ás alegacións presentadas pola representación sindicais dos traballadores que prestan servizos nos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio Provincial.
5. Conclusións. Elaboración dun informe final que deberá conter, en base ao estudo de toda a documentación enumerada nos puntos anteriores, unhas conclusións, que determinen con total claridade e de forma individualizada para cada un dos expedientes de contratación sinalados no apartado 2 do presente documento, á veracidade das alegacións realizadas por ambas partes (representación sindical dos traballadores e empresas adxudicatarias)



4. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento do presente contrato que servirá como base para a licitación ascende á cantidade de 12.000,00 €, aos que haberá que engadir, 2.520 € en concepto de IVE, o que fai un total de 14.520,00 €.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución do contrato será de 1 mes (30 días naturais) a contar, desde a data da sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, desde o día seguinte á recepción da notificación da adxudicación do contrato.

6. SELECCIÓN DO CONTRATISTA

Considerando que de acordo co orzamento máximo de licitación previsto para a presente contratación non resulta procedente o establecemento de criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, para a selección do contratista tomaranse en consideración os seguintes aspectos:

1. Redución do prezo máximo de licitación
2. Redución do prazo máximo de execución do contrato
3. Estrutura do informe/ditame de conclusións.

Lugo a 17 de novembro do 2017

O SECRETARIO INTERVENTOR

José Antonio Mourelle Cillero